

Oficina Virtual e de Información
info@muface.es

Teléfonos: 91 273 99 50 / 91 273 49 99

Horario habitual da Oficina Virtual:
de 9 a 18 h. de luns a xoves,
venres de 9 a 14 h.

Horario de verán
(do 16 de xuño ao 15 de setembro):
de 8:30 a 14:30 h. de luns a xoves,
venres de 9 a 14 h.

No seu Servizo Provincial ou
Oficina Delegada máis próxima



www.muface.es



www.060.es



SEPA

ZONA ÚNICA DE PAGAMENTOS EN EUROS

Código
país

Dígito
Control

Entidade

Oficina

Dígito
Control

Nº de conta

E S

X X

X X X X

X X X X

X X

X X X X X X X X X X

SEPA

ZONA ÚNICA DE PAGAMENTOS EN EUROS

Dende o 1 de febreiro de 2014 todas as transferencias e domiciliacións que se realicen en España e no resto da zona euro serán unicamente SEPA. Neste sentido, MUFACE xa adaptou todos os seus procedementos e formularios ás novas normas da SEPA.

Qué é SEPA?

A SEPA –Zona Única de Pagamentos en Euros, ou Single Euro Payments Area, en inglés– é unha iniciativa que permite aos usuarios de transferencias bancarias, domiciliacións e tarxetas de países integrantes da SEPA –os 27 estados membros da Unión Europea, xunto con Islandia, Liechtenstein, Noruega, Suíza e Mónaco– realizar os seus pagamentos en euros nas mesmas condicións básicas e cos mesmos dereitos e obrigas, con independencia do lugar no que se encontren, eliminando así as diferenzas entre os pagamentos nacionais e os pagamentos transfronteirizos.

En que afecta aos mutualistas?

A principal novidade para o mutualista na súa relación con MUFACE tradúcese

en que á hora de cumprimentar os formularios relativos a unha conta bancaria –principalmente procedementos para a solicitude de determinadas prestacións– deben facilitar o IBAN en lugar do CCC –código conta corrente– como se facía ata agora.

Que é o IBAN?

O novo código IBAN constrúese a partir do CCC, ao que se engaden dúas letras para identificar ao país da conta –ES, no caso de España– e dous números. O IBAN contará, por tanto, con 24 díxitos, fronte aos 20 do CCC.

Como mutualista que teño que facer?

Este código facilita a súa entidade bancaria a través de diferentes vías: extractos bancarios, aplicacións de banca electrónica, talonarios, libretas, etc. Se non dispón de ningún dos anteriores elementos para a consulta do IBAN da súa conta bancaria, o Banco de España aconsella contactar coa súa entidade para coñecer ambos os dous códigos. E recorde que tamén pode utilizar o seguinte enlace para obter os novos códigos a partir do seu CCC: www.sepaesp.es.

